

A AUDICIÓN ACTIVA MUIÑEIRA POPULAR (Anónima) “VERBAS GARIMOSAS”

M^a Jesús Suárez Sixto.

Este traballo que aquí presentamos ten como finalidade que o alumno/a de Educación Primaria ó que vai adicado o mesmo, aprecie e analice as realidades sonoras dende unha perspectiva activa, máis concreto, dende unha “**escoita activa**”.

Esta escoita activa implica a:

- Sensibilización ó mundo sonoro en xeral e en particular a diferenciar sonidos organizados de calidade musical.
- Utilización de diferentes recursos coma forma de seguimento da obra musical: corporais, plásticos, acompañamentos instrumentais, musicogramas.
- Que adquira os coñecementos básicos musicais dunha maneira progresiva e procurando que este proceso de ensino resulte unha experiencia gozosa e gratificante.
- Que o desenrrolo da escoita activa lles permita escoitar música con atención , valorar o mundo sonoro que os rodea, percibir os sonidos e as suas variacións.

O enfoque que lle damos a este traballo escolar é primordialmente global ; nel, préstaselle especial atención á Cultura e Música Galega.

FUNDAMENTACIÓN DO TRABALLO

Galicia é unha das comunidades españolas onde mais se canta, e onde a historia da música se pode levar ós tempos mais remotos, sin embargo, as escolas galegas ainda están un pouco esquecidas da práctica dos nosos cantos e das nosas danzas.

A percepción da Música é a base da Educación Musical. A Música poderá desempeña-lo seu papel estético, cognoscitivo e educativo só si os alumnos/as aprenden a escoitar e reflexionar verdadeiramente.

Seguindo o DCB, publicado pola Xunta de Galicia, vese a necesidade de coñece-la música de Galicia e o noso folklore.

Farei mención a eminentes pedagogos que falan sobre a importancia da práctica da música folklórica na Educación Musical na etapa escolar.

Zoltan Kodaly: Compositor, etnomusicólogo, pedagogo húngaro, basa todo o seu método no folklore nacional húngaro.” **Quien ha aprendido a conocer y amar la música folklórica, también aprende a amar al pueblo y a procurar su bienestar, prosperidad y educación**”. Colocou o seu proxecto no centro da educación musical escolar e infantil, garantíndolle un papel moi importante nos primeiros anos da ensinanza. **“ Todos los niños deben aprender primero su lenguaje musical materno para por esta vía acceder al lenguaje musical universal”**.

Violeta Hemsey de Gainza pedagoga argentina.A influencia do Folklóre na Educación Musical:

El folklore tiene Unidad.....No confunde.

“ “ “ **Calidad..... No intoxica.**

“ “ “ **Fuerza.....Educa.**

“ “ “ **Autenticidad.....Une.**

“ “ “ **Filosofía.....Enseña.**

A partir de ahí pretendo mostrar unha experiencia práctica de audición musical activa a través da nosa música e lograr os obxectivos seguintes:

-Coñecer os instrumentos máis representativos de Galicia.

-Recoñecer ditos instrumentos.

-Iniciar os nenos/as na danza galega.

Basándome na publicación feita na Revista Adaxe nº 12 de 1996. “A Audición Musical Activa”, as diferentes actividades irán enfocadas de maneira que se toquen todos os bloques que integran a Educación Musical e seguir a audición a través de:

- A expresión corporal ou danza

- Musicogramas.

- Instrumentación.

- A canción.

-Linguaxe musical.

- Cultura e Historia da música.

DESENVOLVEMENTO

1º .- Comenzarase polo estudo do elemento rítmico que aparece na estrutura interna da obra.

1



2



- * Eco
- * Vocalizar os mesmos con (pam, bum, la...)
- * Tocar con instrumentos.(P.A.I.)
- * Crear un texto que se adapte á estrutura rítmica: Ronda de palabras.
- * Facer polirritmia:

Distribuir a clase en dous grupos (A - B). Cos dedos das mans a mestra/e sinalará cun dedo se quere o primeiro ritmo, con dous dedos se quere o segundo . Unha vez o teñan seguro o mestre/a dirixirá ós alumnos/as coas dúas mans, asignará unha man que dirixirá o grupo (A) e a outra que dirixirá o grupo (B) será un gran exercicio de atención.

- * Identificar auditivamente os elementos rítmicos:

-Camiñar: cambiar de dirección cada vez que escoiten os elementos rítmicos que estamos traballando.

-Camiñar os elementos rítmicos cun e outro pé.

2º.- Traballar o ritmo específico da obra por pequenos motivos rítmico-melódicos.



- * Eco.
- * Entonar melodicamente estes ritmos. Identificar a que ritmo corresponde.
- * Unir os dous ritmos. Entonalos melodicamente. Inventarlle un texto.



EDUCACIÓN VOCAL

- * Cantar toda a frase musical co texto inventado, V.G.

Muiñeira galega cantarei

coas cunchas pandeiros e gaitas

alegres os nenos bailarán
nas festas do Nadal.

* Agregarlle outra voz, unha terceira mais arriba.

LINGUAXE MUSICAL

* Presentar a partitura da obra.(Fig.1)

MUIÑEIRA POPULAR

-ANÓNIMO-

The musical score for 'Muiñeira Popular' is written on five staves. The first staff begins with the tempo marking 'ADAGIO' and a 6/8 time signature. The second staff continues the melody. The third staff includes the tempo marking 'ALLEGRO' and features first and second endings, with measures 17 and 12 indicated. The fourth staff continues the melody. The fifth staff concludes the piece with the marking 'al f.' (allegro feroce).

Recordar ou presentar os conceptos que aparecen de :

- Anacrusa.
- Aire ou movemento.
- Signos de repetición.
- Compás 6/8.

* Lectura e medida da partitura.


* Entonación e medida coas notas.

EDUCACIÓN INSTRUMENTAL


* Presentación da partitura tímbrica: (Fig.2).

PARTITURA TÍMBRICA


A




B




○




A




○




B




A




○




B




A




○




A




○




B




A




○




A



○



2º



-Tocar con instrumentos (cunchas e pandeiros).

- Acompañar con estos instrumentos ó mesmo tempo que escoitamos a gravación.

EDUCACIÓN AUDITIVA

* Escotar a gravación.

* Descubrir. ¿ Que instrumentos sonan ? ¿ De cantas partes ou frases musicais consta?.

* Seguir a audición no Musicograma. Escribir a forma. (Fig.3).



EXPRESIÓN CORPORAL OU DANZA

Os alumnos/as farán un círculo.

Parte A

Xirarán cara a dereita facendo paso de revote cos pés, (paso comunmente chamado do trinta e tres) con lixeira inclinación do corpo cara diante e movemento circular de brazos. As mans si vamos co pé dereito a man dereita diante á altura da cintura, si co pé esquerdo a man esquerda.

Parte B

Un alumno/a inventará un punto ou movemento que os compañeiros/as deberán imitar na repetición da frase.

Como se repite varias veces cada vez un novo alumno/a inventará outro punto para que os demais o imiten, facendo práctica da improvisación con varios alumnos/as.

CULTURA E HISTORIA DA MUSICA

A Muiñeira ou Galegada é o baile galego máis popular. As súas orixes son completamente descoñecidas, dando lugar a todo tipo de teorías. Algúns creen que a Muiñeira provén dos gregos, outros buscan as súas orixes nos cantos guerreiros dos suevos, e hai quen sostén, que tal baile xa se executaba en tempos dos primitivos celtas.

Parece resultar que este antigo e característico baile comeza coa invitación dos bailaríns no “ turreiro”, “ atrio” ou nos muiños de aí o seu posible nome de

“ Muiñeira” de “ Muiñada” (antiga reunión festiva de mozos e mozas en torno ós muiños mentras esperaban a vez para moer.

Defínese como un baile popular que executan unha ou mais parellas soltas e con diversos cambios. Pero aínda que se baila por parellas tamén se baila colectivamente, baixo a dirección dun guía que sae de entre os bailaríns.

Consiste en facer varios puntos diferentes e caprichosos que todo-los demais repiten mellor ou peor e son seguidos dun paseo ou roda nunha mesma ou contraria dirección e bailando sempre.



As mulleres siguen as liñas e voltas xerais gardando certa compostura e recato, con movementos mesurados e a vista posta nos pés do galán quen contrasta notablemente cas piruetas e brincos facendo alarde da sua mobilidade e donaire.


EVALUACIÓN


Por último poderíamos facer un pequeno exercicio polo que poderemos comprobar a súa audición e atención repetindo parte da gravación que xa foi escoitada varias veces no desenrolo da experiencia. (Fig.4).

ACOMPañAR - ESCOITAR - ELABORAR



Acompañar


A  


B 

○ 


Escoitar

A  



B ○ 

Elaborar



Nota: A gravación obxecto de estudio foi sacada da cinta: " Galicia" vol. 2. Fonomusic, S.A. 91.2210/5. Estéreo co título "Verbas Garimosas".